

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 25 DE XANEIRO DE 2018

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día vinte e cinco **(25) de Xaneiro** do ano dous mil dezaoto (2018), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Cufíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana
D^a. Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)
D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)
D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Benito Saavedra Vazquez
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)
D^a. M^a del Carmen Folla González (PP)
D^a. Natalia Iglesias Mendez
D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro (PP).

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do concello, que da fe do acto.

Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

OBSERVACION: coa instalación da Administración Electrónica, por razóns de simplicidade e operatividade, dado que os documentos se cargan nesa plataforma, e, sobre todo, van asinados dixitalmente, e co engadido de que quedan rexistrados de forma fehaciente, este Secretario se inclina pola fórmula de deixar constancia na Acta do número de expediente, de tal xeito que entrando en él se pode verificar o documento –repito, xa asinado e rexistrado-, mais ben no suposto de textos longos, máxime cando neste caso, debido aos Pregos, Ordenanza, 3 Bases subvencións e Mocións nos iríamos a unha Acta superior as 100 páxinas. Non obstante, nunha mistura do sistema anterior e o actual tamén se recollen os documentos nun Acta/Anexo a presente. Asinado. Secretario. M. Quintans.

1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (Do 30-11-2017).
Queda aprobada.

2º.- Dar conta da Providencia da Alcaldía de Incoación de Expediente Disciplinario por falta grave/ou moi grave.
Funcionaria: LUISA GONZALEZ BARRIO.

Se retira da Orde do Día.

3º. DESESTIMACION DO RECURSO DE REPOSICION PRESENTADO POR SERINTER S.L. CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2017 DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (SAF), SEN PRÓRROGA DO ACTUALMENTE VIXENTE.

VISTO o Recurso de Reposición formulado en data 2 de Xaneiro 2017 pola empresa SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER S.L.) - Rexistro de Entrada en Administración Electrónica/GESTIONA [2018-E-RC-16](#) (DE REPOSICION POLO ACORDO DO PLENO, SAF)-, contra o acordo do Pleno da Corporación de 30 de Novembro de 2017, no que se licitaba de novo o servizo do SAF, renunciando a Corporación a prórroga prevista na adxudicación en vigor actualmente por outros dous anos, sustentando o mesmo en que no contrato subscrito entre as partes en Febreiro de 2015 figura que a duración será de catro anos.

TENDO EN CONTA os antecedentes inmediatos que se citan de seguido:

A. Acordo plenario de 30 de Novembro de 2017 de non prorrogar o actual contrato, licitando novamente o servizo:

“”

4º.- APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA.

ANTECEDENTES: No Pleno celebrado o de 26 Novembro de 2015 –anuncio de licitación no BOP nº 196 de data 9 de Outubro 2015, fíxose a adxudicación da contratación vixente a empresa SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER S.L.), coa cláusula seguinte:

PRAZO DE DURACIÓN (BOP nº 196 de 9 de Outubro 2015):

O prazo de duración do contrato é de DOUS ANOS dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos).

INTERVENCIONS: Constan na Acta, a que me remito.

VOTACIÓN: Sometido a votación, por 7 votos a favor (do PSOE), 4 abstencións (do PP) e 1 en contra (BNG), **SE ACORDA:**

- **CONVOCAR A LICITACION PARA CONTRATAR O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE**

SILLEDA (Prazo de duración do contrato de DOUS ANOS, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos), **SEN PRÓRROGA DO ACTUAL**.

- **APROBAR O PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS, POR PROCEDEMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA.**

“”

VISTOS os antecedentes mediatos que se resumen en:

A. **Acordo plenario de 24 de Setembro de 2015 de de licitación do servizo por 2 anos mais dous posibles de prórroga, ata un máximo de 4.**

“”

5º.- APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDEMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA.

A concelleira M^a del Pilar Peón Iglesias explica que o ano pasado se adxudicou o servizo por un ano, que funcionou perfectamente, sen problema algún coa empresa e que nesta ocasión faise por 2 anos mais dous posibles de prórroga, ata un máximo de 4, coincidindo co período dunha lexislatura, para que cada novo goberno poida decidir

O voceiro do PP: asegura que, como xa dixo, o ano pasado, faise unha tramitación sen garantía suficiente para os traballadores/as.

Voceiro do BNG: estamos diante dunha privatización ao 100% e non hai argumentación seria a favor desa privatización, e repito que as empresas teñen que ter un beneficio económico, a municipalización non, nin tampouco hai beneficios para os usuarios, e hai alternativas, claro que si, unha concesión mixta, por exemplo, entre empresa e concello; e o ano pasado tivemos un Pleno extraordinario que votou en contra e logo unha adxudicación pola Xunta de Goberno e acabouse xudicializando a vida política. E agora veñen cun aumento de anos, de dous a catro. Se pregunta cales son as vantaxes e onde están os argumentos a favor da privatización. E agora, ademais, que temos a sorte de ter unha concelleira de Servizos Sociais aricada en exclusiva, con mais horas de dedicación e que reforza as razóns a favor de facer público o servizo, polo que non atopa explicación a esta privatización, reitera.

Sr. Alcalde: recorda que o ano pasado se estaba nunha situación irregular con 2 empresas traballando e sen contrato. O tema da municipalización do servizo, xa está moi debatido e nos concluímos que resulta mais positivo que xestione o servizo unha empresa, tendo unha boa experiencia neste último ano, os usuarios están satisfeitos, que é o mais importante. E faise así na maioría dos concellos galegos, na práctica totalidade, incluíndo os de BNG. Así que despois dese discurso de Matias, teño que lembrarlle que en Pontevedra, o buque insignia do BNG, tamén está privatizado. O que nos importa é que funcione ben a xestión do servizo e todos contentos e que no cambien as persoas, a ser posible, algo que demandan moito os usuarios, xa que é xente que entra na intimidade das súas vivendas. Por siso é bo ampliar o marxe de tempo e que teñan a posibilidade de estar 4 anos.

O voceiro do PP: nos insistimos en que tamén é importante velar polos traballadores e nos constan que hai queixas nese sentido. E iso hai que garantilo por parte municipal.

Voceiro do BNG: ou sexa, deduzo que si non funciona ben a privada habería una solución público. Iso non é serio. Insisto co Non do noso grupo a privatización.

VOTACION E ACORDO:

Aprobase por 7 votos a favor (PSOE) e 5 en contra (4 do PP e 1 do BNG)

“”

B.- TEXTO DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS SOBRE O PERIODO CONTRACTUAL.

Na Acta desa sesión plenaria e no documento óbrante no expediente consta a cláusula seguinte:

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato e prórrogas

A duración do contrato de servizos será de DOUS (2) ANOS, con efectos desde a formalización. O Concello poderá acordar, se así o acorda co adxudicatario antes da finalización do período contractual (ou, se é o caso, da correspondente prórroga), prórrogas anuais, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda de CATRO (4) ANOS. Se chegado o remate do período de contratación, inicial ou prorrogado, o Concello de Silleda non conta cun novo adxudicatario, a empresa contratista deberá continuar coa prestación do servizo ata que un novo adxudicatario ou o propio Concello se faga cargo do mesmo, ata un máximo de TRES (3) MESES, nas mesmas condicións técnicas e económicas vixentes nesa data.

C.- INFORMES XURIDICOS E TECNICOS.

Tanto no informe xurídico coma no de Intervención consta esa mesma cláusula de DOUS ANOS prorrogables por outros DOUS, ata un máximo de CATRO, sempre que exista común acordo das partes.

D.- EDICTO DE LICITACIÓN PUBLICADO NO BOP E PERFIL DO CONTRATANTE.

No Pleno celebrado o de 26 Novembro de 2015, fíxose a adxudicación da contratación vixente a empresa SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER S.L.), coa cláusula seguinte:

O prazo de duración do contrato é de DOUS ANOS dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos).

Seguidamente publicase tanto no Perfil do Contratante coma no BOP o anuncio de licitación co nº 196 de data 9 de Outubro 2015, onde consta a mesmo texto que se transcribe literalmente:

PRAZO DE DURACIÓN (BOP nº 196 de 9 de Outubro 2015):

“O prazo de duración do contrato é de DOUS ANOS dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos).”

Procede lembrar asómesmo a prerrogativa da administración para interpretar o contrato, así como o feito de que o art. 156 do TRLCSP estableza expresamente: “ Los contratos que celebren las

Administracións Públicas deberán formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude a las condiciones de la licitación". Por elo non sería válido o contrato si se realizase por un prazo distinto ao licitado inicialmente neste caso, como se ven repetindo.

EN BASE AOS FEITOS E DOCUMENTOS sinalados resulta evidente, e non cabe a mais mínima dúbida xurídica, que se licitou o servizo por: *"DOUS ANOS dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos)"*, sendo, ademais, especialmente transcendente o Anuncio publicado no BOP e no Perfil do Contratante en canto vincula aos restantes licitadores que se presentaron baixo esa premisa, que competían por un contrato de 2 anos, prorrogable por outros dous, como máximo, previo mutuo acordo. Sinalando así mesmo o disposto expresamente no art. 156 del TRLCSP: *"Los contratos que celebren las Administraciones Públicas deberán formalizarse en documento administrativo que se ajuste **con exactitud** a las condiciones de la licitación"*. De modo que non sería válido o contrato si se realizase por un prazo distinto ao licitado inicialmente.

O que hai que engadir o acordo plenario de licitación de 24 Setembro de 2015 de aprobación dese Prego, co elemento esencial de que forma parte integrante do contrato – Prego Condicións + Contrato son os dous documentos contractuais-, do que resulta a conclusión obvia de que a cláusula de catro anos que figura no texto contractual só pode interpretarse no senso *"que serían catro anos si se decidía instar a prórroga"*, o cal non ocorreu porque a Corporación decidiu no Pleno de 30 de Novembro de 2017 non prorrégalo, e efectuar unha nova licitación. Se trata dun sinxelo erro material na redacción dese documento que aproveita para recorrer SERINTER, e que supón, incluso, unha mala fe procesual –aínda admitindo que cada un defende os seus intereses-, xa que a empresa lle consta fehacemente que o contrato era de 2 anos, prorrogable por outros dous, como máximo, previo mutuo acordo. A maior abundamento hai que lembrar a prerrogativa da administración para interpretar o contrato.

Polo exposto por acordo maioritario de 7 votos a favor (PSOE) e 5 abstencións, **SE**

ACORDA:

- **DESESTIMAR O RECURSO DE REPOSICION PRESENTADO POR SERINTER S.L. CONTRA O ACORDO PLENARIO DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2017 DE LICITACIÓN DO SERVIZO, SEN PRÓRROGA DO ACTUALMENTE VIXENTE**, xa que a empresa lle consta que o contrato era de 2 anos, prorrogable por outros dous, como máximo, previo acordo mutuo, e así figura no Prego de Condicións e anuncios de licitación publicados no BOP e Perfil do Contratante, coa conclusión de que a cláusula de catro anos que figura no texto contractual só pode

interpretarse no senso “que serían catro anos si se decidía instar a prórroga”, o cal non ocorreu porque a Corporación decidiu no Pleno de 30 de Novembro de 2017 non prorrogalo, e efectuar unha nova licitación.

4º.- Aprobación do novo modelo e documentos anexos da Declaración Responsable de concesión de Licenzas de Obras e Apertura de Establecementos.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

5º.- APROBACION DO CONVENIO COA EMPRESA CONTRATADA E DE ADAPTACION AO REGULAMENTO EUROPEO DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

6º.- APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, AS OBRAS DO “CAMPO DE FUTBOL BANDEIRA II FASE”.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

7º.- Aprobación das Bases de Subvenciones Culturais/Deportivas/participación para Entidades/Asociacións cara ao Exercicio do 2018.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

8º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

MOCION BNG - SOBRE DEREITO A DECIDIR UNHAS BASES DEMOCRATICAS PARA GALIZA - 300

O texto consta en Expediente Administración Electrónica Gestiona **Nº 107/2018**.

O Voceiro fai un resumo da Moción.

Alcalde e PP manifestan a súa oposición, o primeiro apuntando que xa non ten mais que falar desta cuestión, que está farto e o segundo apuntando que é unha cuestión de respetar a legalidade constitucional.

Se rexeita a Moción por 11 votos en contra e 1 a favor.

MOCION BNG - CREACION DUN CORREDOR VERDE EN SILLEDA E DISPOSICION DUN NOVO PARQUE PUBLICO - CARBALLEIRA NA BANDEIRA - 299

O texto consta en Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

O Voceiro fai un resumo da Moción.

PSOE e PP coinciden coa proposta, reiterando o Alcalde as xestións realizadas nese senso. Tamén está de acordo con convocar a Comisión, e que en Silleda faltan Zonas Verdes. Sobre o Plan de Mobilidade se convocarán os profesionais, temos unha subvención de 15.000.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

MOCION PP - PARA ASINATURA DO CONVENIO PARA A ASUNCION POLA ADM. XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA SOBRE PROCESOS SELECTIVOS PARA ACCESO CATEGORIAS DOS CORPOS DA POLICIA LOCAL

O texto consta en Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

O Voceiro fai un resumo da Moción.

O Alcalde coincide, aínda que con matizacións.

O Voceiro do BNG sinala que no o ve claro, que ten dúbidas. Non ve beneficio algún en isto.

VOTACION: se aproba con 11 a favor e 1 abstención

MOCION PP - AONDICIONAMENTO DE VIAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

O texto consta en Expediente Administración Electrónica **Nº 107/2018**.

O Voceiro fai un resumo da Moción.

PSOE e PP coinciden coa proposta.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.
Dase conta.

10. Rogos e preguntas.

O Alcalde que facer constar previamente que esta semana, logo de novas reunións en Augas de Galicia e Dirección Xeral sobre a aprobación do PXOM, pendente a día de hoxe de que Augas de o visto bo a existencia de recursos hídricos, en canto existe documentación municipal acreditativa das concesións, semella que este lamentable caso se poida solucionar definitivamente nas vindeiras semanas.

O Sr. Secretario indica que fará un informe xurídico ao respecto para que quede debida constancia da postura municipal.

Voceiro PP, pregunta sobre:

- Convenio con Vila de Cruces sobre actuación na Ponte Carixa.
- Sendas peonís., perigo de res balar.
- Auga turbia nos grifos.
- Repetidor TV, cal é o problema?
- Pago subvencións. Existen deficiencias Hai que axilizar.
- Contenedor R/Valenzuela, que dificulta a visión dos vehículos.
- Que pasa co compostaxe ?
- ¿E ca RPT?

Voceiro BNG, pregunta sobre:

- Situación do Parque de Bombeiros do Deza, situación escandalosa polo pouco persoal.
- Que pasa coa ubicación do compostaxe ?
- Son necesarios mais contenedores amarelos no rural.
- Plan Mobilidade. ¿cómo se concreta?
- Relatorio de propostas do BNG que foron aprobadas pero que non se executan.
- Sinal de velocidade a 30 km no Castro moi cuestionable.
- Folleto plano deficiente do GDR, con moitos erros.
- Gestiona. *"Pido que se segue enviando a documentación por correo electrónico, en canto non teño acceso a Gestiona, e tamén unha copia en papel, así coma Decretos e XGL coma antes"*.

Alcalde. Respostas:

- Financiamos o Proxecto ao 50%. Un día chamoume o Alcalde para plantear uns flecos pendentes.
- Miramos o das sendas peonís.
- A auga sae turbia en moitos sitios, onde se capta do río, e coas chuvias recentes xurde esta problemática.
- O último trámite foi coa Dirección Xeral de Medios. Hai dúas opcións : mover a antena ou encargarmos doutra torreta.
- Sobre as subvencións hai un período de xustificación documental que hai que respetar.
- Os contenedores son un lío. Si estorban, pero cambialos é un problema. Xa se moveron do seu sitio e segue a problemática. Os mestres compostoiros apuntan que non se atopa o mínimo viable de 80 vivendas
- Nos compostoiros o CEI de Bandeira a única en marcha. O di a Deputación. Os mestres compostoiros apuntan que non se atopa o mínimo viable de 80 vivendas
- A RPT segue pendente.
- Os bombeiros teñen un Padroado e recordo o PP estivo en contra do acordo FEGAMP-Xunta sobre o Convenio
- Os contenedores no rural están OK e se instalan en consenso con tódalas parroquias.
- Si, o trataremos en breve coa aprobación dos Orzamentos.
- Se convocará unha reunión de traballo, Plan Mobilidade/Profesionais de Silleda.
- Sobre o relatorio, de acordo. Creo que igual se leva un sorpresa e non son tantas.
- Sobre ese tramo de 4 km. De velocidade a trinta que o explique a Deputación.
- Dirémoslle os do GDR que melloren ese planos.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-00 horas do 25 de Xaneiro de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe. SECRETARIO. Manuel Quintans Queiruga